



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE OUTUBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 28 de outubro de 2016, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de outubro (convocatoria ampliada o 27), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 3a e 3b)  
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste aos puntos 1b, 2a, 3a e 3b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

#### 1.- Apertura económica

##### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)**

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Licitador	Prezo	Incremento garantía
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	945.500,00 €	156
GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	1.240.500,00 €	1000
ORESA, SL	1.038.750,00 €	72
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	992.875,00 €	72
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ, SL	957.500,00 €	60
ORECO, SA	921.250,00 €	72
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	1.023.750,00 €	132
ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA	965.499,99 €	72
CIVISGLOBAL, SLU	1.008.624,54 €	160



Licitador	Prezo	Incremento garantía
AVAN INTEGRAL, SL	1.016.374,59 €	160
UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA - ALVAC	953.949,00 €	49
UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS	1.049.950,00 €	52
ELSAMEX, SA	943.800,00 €	144
UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS SL - OGMIOS PROYECTO, SL	987.360,00 €	120
COPCISA, SA	946.625,00 €	159
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	996.250,00 €	156
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	912.875,00 €	72
SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	973.687,00 €	12
HORDESCON, SL	969.625,00 €	24
PROYECON GALICIA, SA	954.550,85 €	60
UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA - COPSESA	1.035.000,00 €	84
JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, SA	1.043.000,00 €	36
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL	984.625,00 €	36
UTE CONST. OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, SL	997.000,00 €	84
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL	960.625,00 €	120
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, SA	924.625,00 €	36
CONSTRUCCIONES VALE, SL	968.750,00 €	72

Asisten á sesión pública D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción, D. Fernando Mallo Fernández, con DNI 36.144.795-L, en representación de NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU, D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912, en representación de FECHI AGLOMERADOS, D. José Luis Bocija Liñares, con DNI 76.339.839-K, en representación de ACCIONA, D. Jorge Méndez Lema, con DNI 45.847.582-A, en representación de COPCISA, SA, D<sup>a</sup>. Dori García Navaroo, con DNI 76.733.257-J, en representación de SA de Obras y Servicios COPASA e D. Laureano Álvarez Fontán, con DNI 34.870.169-F, en representación de Servicios Medioambientales del Miño.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Licitador	Prezo	Incremento garantía
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	1.047.352,78 €	156
GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	1.336.319,57 €	1000
ORESA, SL	1.108.628,32 €	72
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	1.068.272,86 €	72
ORECO, SA	1.046.003,10 €	72
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	1.118.885,90 €	132
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU	1.024.408,20 €	90
ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA	1.087.573,29 €	60
DRAGADOS, SA	1.000.248,90 €	108
CIVISGLOBAL, SLU	1.085.413,56 €	160
AVAN INTEGRAL, SL	1.093.242,26 €	160
UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA - ALVAC	1.069.900,00 €	50
UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS	978.200,00 €	50
ELSAMEX, SA	1.010.350,00 €	144
UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS SL - OGMIOS PROYECTO, SL	1.076.295,00 €	120
COPCISA, SA	1.063.953,86 €	151
CONSTRUCCIONES VALE, SL	975.819,66 €	112
NAROM, SL	1.066.113,35 €	91
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	1.060.849,59 €	156
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	1.042.763,87 €	72
SA DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	1.118.766,00 €	12
HORDESCON, SL	981.083,42 €	24
PROYECON GALICIA, SA	1.011.420,85 €	60
UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA - COPSESA	1.105.389,09 €	84
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL*	1.067.855,58 €	36
UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL - CONST. DELFIN FERREIRO RGUEZ, SL	1.037.770,04 €	84



Licitador	Prezo	Incremento garantía
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL	1.041.279,22 €	120

\* Na proposición de ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL hai unha contradición entre a letra e o número (1.077.855,58 €); ao prevalecer a letra, enténdese que a súa proposición é por importe de 1.067.855,58 € (IVE incluído).

Asisten á sesión pública D. Nicolás García García, D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción, D. Fernando Mallo Fernández, con DNI 36.144.795-L, en representación de NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU, D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912, en representación de FECHI AGLOMERADOS, D. José Luis Bocija Liñares, con DNI 76.339.839-K, en representación de ACCIONA, D. Jorge Méndez Lema, con DNI 45.847.582-A, en representación de COPCISA, SA, D<sup>a</sup>. Dori García Navaroo, con DNI 76.733.257-J, en representación de SA de Obras y Servicios COPASA e D. Laureano Álvarez Fontán, con DNI 34.870.169-F, en representación de Servicios Medioambientales del Miño.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 2.- Incidencias

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

A secretaria comunica aos membros da mesa que con data 27 de outubro de 2016 a empresa OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, SL (ORESA) presenta escrito onde fai constar que *“existe un erro de cálculo na oferta económica”* para o lote 4. Logo da lectura deste escrito, os membros da Mesa acordan, por unanimidade, non aceptalo por supoñer unha reformulación da oferta presentada pola empresa (artigo 183.1 do Real decreto legislativo 1098/2001, do 12 de outubro e, entre outras, a Resolución n<sup>o</sup> 151/2013 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais. Recurso n<sup>o</sup> 166/2013: *“Presentada unha oferta non cabe a súa modificación substancial”*). Polo Servizo de Contratación darase traslado á empresa do acordado pola Mesa.

Entrégase o informe do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 26 de outubro de 2016, así como o informe aclaratorio do 27 de outubro de 2016, sobre as ofertas que conteñen baixas anormais ou desproporcionados. Á vista destes informes, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

Lote n<sup>o</sup> 1:

1. CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA
2. HORDESCON, SL
3. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### 4. ELSAMEX, SA

Lote nº 2:

1. CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, SA
2. HORDESCON, SL
3. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL

Lote nº 3:

1. HORDESCON, SL
2. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL

Lote nº 4:

1. CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, SA
2. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL

### 3.- Propostas de adjudicación

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)**

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de outubro de 2016, da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego).

Segundo.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 de outubro de 2016:

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
3. NAROM, SL
4. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
5. ORESA, SL
6. COPCISA, SA

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440) na seguinte orde descendente:

<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	86,08
CONSTRUCCIONES FECHI SLU	84,92
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	84,63
CIVIS GLOBAL SLU	83,79
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	83,06
ELSAMEX, SA	81,68
MONTAJES J M IGLESIAS, S L	79,04
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	79,00
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	76,82
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	68,06
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	20,73

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, o día 18 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 27 de outubro, dentro do prazo sinalado.

**Terceiro.-** A Mesa de contratación na sesión do 28 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliable mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 13 de setembro e do 7 de outubro de 2016, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, o procedemento aberto para a contratación obras de Humanización da rúa Aragón - Fase IV coas seguintes condicións:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- a) O prezo total do contrato é de 406.836,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 70.608,00 euros.
- b) O prazo de garantía increméntase en 120 meses, polo que o prazo total é de 132 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de outubro de 2016, da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego).*

*Segundo.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 e 10 de outubro de 2016*

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

3. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
4. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
6. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA
7. NAROM, SL
8. CIVIS GLOBAL, SLU
9. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
10. COPCISA, SA
11. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL	84,62
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	82,51
NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU - UTE CONSTRUCCIONES RAMIREZ	82,24
CONSTRUCCIONES VALE, SL	80,16
ELSAMEX, SA	78,15
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	77,59
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	21,88

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 640,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, o día 18 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 27 de outubro, dentro do prazo sinalado.

**Terceiro.-** A Mesa de contratación na sesión do 28 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliable mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 19 de setembro e do 10 de outubro de 2016, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino - Fase II coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 389.931,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.673,97 euros.*
- b) *O prazo de garantía increméntase en 53 meses, polo que o prazo total é de 65 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 28 de outubro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación  
Francisco Javier Pardo Espiñeira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 19:08	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA847-57DHA9-CDC628-J6GLW4-GXJYJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		